

As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812

Tema 2 para composición de texto histórico

2º Bach. - IES Mendiño - 2023/2024

Prof. Xael Díaz Alonso



Razóns para a convocatoria de Cortes

Razóns para a convocatoria de Cortes

- Entre marzo e maio de 1808 tiveron lugar en España unha serie de sucesos (Motín de Aranjuez, abdicacións de Bayonne, nomeamento de Xosé I como novo rei por parte de Napoleón, rebelión do 2 de maio en Madrid) que desembocaron na Guerra de Independencia.



Razóns para a convocatoria de Cortes

- Numerosas vilas e cidades crearon **Xuntas Locais**, co obxectivo de loitar contra os franceses e organizar o goberno.
- Pronto apareceron **Xuntas Provinciais** e, sobre elas, a **Xunta Suprema Central**, que en 1810 deu paso a un **Consello de Rexencia**, convocando tamén unhas **Cortes Xerais e Extraordinarias**.



Razóns para a convocatoria de Cortes


- ♦ As Cortes tiñan varios **obxectivos**:
 - ✓ Acadar **maior lexitimidade** para gobernar en ausencia do Rei.
 - ✓ Coñecer mellor a **vontade da nación**.
 - ✓ Levar a cabo **novas reformas**.
- ♦ Reuníronse en **Cádiz**, por estar libre dos franceses e ser fácil de defender (primeiro nun teatro da Isla de León, e logo no oratorio de San Felipe Neri, no centro).



Razóns para a convocatoria de Cortes



Razões para a convocatória de Cortes



Razóns para a convocatoria de Cortes






Composición e funcionamento das Cortes


Composición e funcionamento das Cortes

- ♦ A elección de deputados foi difícil pola *ocupación militar* de boa parte do país e pola presenza de *deputados procedentes de América*.
- ♦ Algúns deputados non puideron acudir á convocatoria, sendo substituídos por outros de Cádiz, onde as ideas liberais tiñan moita influencia.



Composición e funcionamento das Cortes

- ♦ Había varias tendencias políticas entre os diferentes deputados:
 - **Absolutistas** (tamén “realistas” ou “serviles”): defensa do sistema absolutista.
 - **Liberais moderados** (ou “jovellanistas”): sistema intermedio entre absolutismo e sistema constitucional.
 - **Liberais**: cámara única que asumise a soberanía nacional e elaborase unha Constitución.




Composición e funcionamento das Cortes

- ♦ O número de deputados deses anos foi **300**, aínda que habitualmente non estaban todos ao mesmo tempo.
- ♦ Divididos en **dúas grandes faccións** ou “partidos”: absolutista e liberal.
- ♦ Expulsados os franceses, as novas Cortes ordinarias trasladáronse a Madrid en 1814.



Composición e funcionamento das Cortes

- ♦ A **composición social** dos deputados era moi variada: nobres, clérigos, clases medias urbanas, servidores do Estado, profesionais liberais...
- ♦ A revolución liberal foi liderada pola **burguesía**, pero foi apoiada tamén por algúns nobres, clérigos, militares e funcionarios que viron a posibilidade de reformar o sistema.




Composición e funcionamento das Cortes



ORIXE SOCIAL / LABORAL	Nº DE DEPUTADOS
Eclesiásticos	89
Funcionarios	67
Avogados	47
Militares	42
Profesores / Catedráticos	16
Nobres	15
Comerciantes / Industriais	12
Facendados	6
Outros	6
Total	300

Composición das Cortes

- ♦ Esa Cádiz asediada, chea de refuxiados e cunha activa vida social alentou aos deputados a facer numerosas reformas.
- ♦ Nese contexto nacen a presa política e a opinión pública, grazas ao decreto de liberdade de presa aprobado polas Cortes en novembro de 1810.





O labor legislativo das Cortes

O labor legislativo das Cortes

- ♦ A obra legislativa das Cortes de Cádiz foi inxente, representou unha **ruptura radical**.
- ♦ Os elementos máis destacados son:
 - **Soberanía nacional**
 - **Igualdade ante a lei**
 - **Reformas de distinto tipo**



O labor legislativo das Cortes

- ♦ O primeiro decreto das Cortes estableceu que a **soberanía residía na nación**, e as Cortes asumían a representación.
- ♦ O rei deixaba de ser soberano, pasando a ser suxeito de soberanía o corpo da nación.



O labor legislativo das Cortes

- ♦ Proclamouse a **igualdade ante a lei**, o que poñía fin á sociedade estamental.
- ♦ Estableceuse a igualdade entre españois peninsulares e americanos (exceptuando ás poboacións indíxenas e negras).



O labor legislativo das Cortes

- ♦ Presentáronse un conxunto moi variado de **reformas**:
 - Liberdade de imprenta
 - Supresión da Inquisición
 - Abolición da tortura
 - Desamortización de bens do clero
 - Nova división provincial, coa creación das Deputacións
 - Reforma da Facenda
 - Liberdade de comercio e industria





A Constitución de 1812


A Constitución de 1812

- ♦ Proceso constituyente (iniciado en decembro de 1810) precedido de debates sobre o modelo de Estado.
- ♦ Promulgouse, tras ano e medio, o **19 de marzo de 1812**, o día de San Xosé (por isto foi coñecida popularmente como “A Pepa”).
- ♦ Uniuse a tradición española co espírito revolucionario.




A Constitución de 1812

- ♦ Afirmación da **soberanía nacional**.
- ♦ Recoñecemento dos **dereitos e liberdades individuais** e da **igualdade ante a lei**.
- ♦ **División de poderes**: lexislativo (Cortes), executivo (o Rei e o seu Gobierno) e xudicial (independente).
- ♦ **Relixión católica** como única da nación española.




A Constitución de 1812

- ♦ Elecciones por **sufrajio universal masculino** (os candidatos deben tener rendas propias).
- ♦ Creación da **Milicia Nacional**.
- ♦ **Monarquía moderada**, cun rei que promulgaba as leis e dereito a veto.
- ♦ **Liberdade económica**: supresión de gremios e de señoríos, liberdade de cercado de terras, de industria e contratación, desamortizacións...



A Constitución de 1812

- ♦ A Constitución **apenas puido aplicarse** polo contexto bélico, e a restauración absolutista de 1814 aboliuna.
- ♦ Foi **modelo e referencia** a maior parte do século XIX para os liberais, tanto en España coma no noutros países.



Ânimo co estudo!